

# IDEAS BÁSICAS PARA COMPRENDER OS FEITOS DE DIVERSIDADE SEXUAL\*

Aingeru Mayor

Velaquí algunhas ideas básicas para comprender o feito sexual humano e os feitos de diversidade sexual.

## Os sexos: nenas e nenos

O sexo fai referencia ao feito de ser mulleres e homes, ao feito de ser nenas e nenos. Entendido como un proceso biográfico —o proceso de sexuación— polo que nos imos facendo sexuados. E como un continuo —o continuo dos sexos— xa que todos os suxeitos compartimos trazos de ambos os dous sexos; trazos que, entrelazados, van tecendo a nosa propia biografía.

As nenas e nenos vanse sexuando dende o momento da concepción e ao longo de toda a súa vida, facéndose ou configurándose coma mulleres e homes, concretos e únicos.

Moitas veces utilízase o adxectivo «sexual» querendo dicir «xenital» e hai quen chama «sexo» aos «xenitais», ou ao que se fai cos xenitais.

Se queremos comprender a realidade é imprescindible deixar de confundir nocións: unha cousa son os xenitais, outra son as condutas e outra o sexo. Unha cousa é o que se ten, outra cousa é o que se fai e outra cousa é o que se é.

## Os caracteres sexuados e os modos: feminino e masculino

Hai trazos que non teñen nada que ver co sexo: a cor dos ollos ou do pelo, por exemplo. E hai outros trazos que si teñen que ver co sexo: son os caracteres [ou trazos] sexuados [tamén caracteres sexuais].

Chamamos femininos a aqueles trazos que adoitamos observar máis nelas

que neles. E masculinos a aqueles que adoitamos observar máis neles que nelas. Que adoiten ser máis frecuentes non significa que se dean sempre. De feito, significa xustamente o contrario: que non se dan sempre.

Masculino e feminino refírense a un continuo, o continuo dos sexos, que debuxa unha infinita gradación entre o máis masculino e o máis feminino. E cada un dos nosos trazos sexuados atópase nalgún lugar dese continuo. Algúns destes caracteres teñen que ver con trazos anatómicos. Por exemplo, unha maior densidade de pelo na faciana adoita ser máis frecuente nos homes que nas mulleres, e por iso dicimos que é un trazo máis masculino. Por suposto, hai homes sen pelos na faciana e mulleres con moita peluxe facial.

## A expresión sexuada

Outros caracteres sexuados teñen que ver cos xeitos de expresarse, comportarse, vestir, cos gustos... Por exemplo, levar saias e o xeito de levalas, levar o cabelo máis curto ou máis longo e o xeito de peitealo, levar tacóns, pintar os beizos, os xeitos de camiñar, o gusto por uns xogos ou outros, etc. Estes trazos están moi influenciados polos costumes e usos sociais, e varían segundo a cultura na que nos atopemos. Son a maneira de ser e expresarse máis ou menos masculina e feminina, e conforman a expresión sexuada [tamén chamada «expresión de xénero»].

## A intersexualidade e a diversidade sexual

A teoría da intersexualidade explica que todos os suxeitos se sexúan en masculino e en feminino. Que todas e todos temos, en diferentes medidas, trazos femininos e

---

\*Moitas das ideas aquí presentadas encádranse dentro do marco teórico do Feito Sexual Humano, desenvolvido por Efigenio Amezúa, director do Instituto de Sexoloxía Incisex

trazos masculinos. A mestura destes trazos en diferentes proporcións é única en cada individuo e é o que nos fai diferentes e á vez semellantes. A sexuación produce diversidade: chamámoslle diversidade sexual. A diversidade significa riqueza. Non esquezamos que o feito de ser diferentes, peculiares, especiais, é xustamente o que fai que sexamos atractivos, que sexamos atractivas.

### **A identidade sexual**

Ser neno, ser nena, ten que ver coa percepción que cada quen ten de si, con como se identifica. Non é tanto unha cuestión de sentirse («síntome neno», «síntome nena») senón máis ben de saberse («seime neno», «seime nena»). Esta autopercepción como nena ou como neno comeza a expresarse a partir da conquista da linguaxe, arredor dos dous anos de idade.

Ser nena, ser neno, é un feito de consciencia. Alguén é nena ou neno porque sabe que o é. Sobre esta autopercepción e en diálogo coa ollada dos demais e o contexto social vaise construíndo a identidade sexual; é dicir, o peculiar xeito de ser o neno ou a nena que son.

Así como a maioría sabe que é nena ou neno e polo tanto sono, tamén pode haber quen non se perciba nin como neno nin como nena, e polo tanto non o sexa. Iso si, coma o resto, vaise construíndo tamén con trazos masculinos e femininos.

### **A confusión entre xenitais e identidade sexual**

Na meirande parte dos casos os rapaces teñen pene e as rapazas teñen vulva. Por iso, no momento do nacemento míranse os xenitais para supoñer cal será o sexo do neonato, cal será a súa identidade sexual. Mais isto é algo que soamente poderemos coñecer con certeza cando, coa conquista da linguaxe, a partir dos dous anos, comece a falar e a expresarse, afirmando «son un neno» ou «son unha nena».

Na meirande parte dos casos a suposición que se fai no nacemento é

correcta. Sería o caso, maioritario, dos nenos que teñen pene e as nenas que teñen vulva. A esta realidade chámasele cissexualidade. Nalgunhas ocasións quen supoñiamos que era un neno (porque ten pene) resulta que é unha nena (porque di que o é). Ou quen supoñiamos que era unha nena (porque ten vulva) resulta que é un neno (porque di que o é). É o que se coñece como transexualidade. É moi importante que non nos confundamos: unha cousa é o que se ten e outra cousa é o que se é.

Non é difícil entender que a identidade sexual, que ten que ver en todo caso con procesos mentais, non se atopa nos xenitais. De feito, si un rapaz perdera o pene nun accidente, a partir de entón non tería pene, pero ninguén poñería en dúbida que seguiría a ser un rapaz. Porque os xenitais non determinan a identidade sexual.

Non esquezamos que tamén hai nenas e nenos con xenitais que non se asemellan nin a un pene nin a unha vulva, ou que se asemellan a ambos. E tamén quen non ten xenitais. A súa identidade sexual, coma a do resto, non a definen os seus xenitais.

### **As imposicións de xénero**

Cada sociedade establece unha serie de expectativas sobre «como son» as nenas e «como son» os nenos. Estas expectativas convértense en imposicións: «Os nenos son e deben ser dun xeito. E as nenas son e deben ser doutro». Son as chamadas imposicións de xénero. Estas imposicións dificultan que cada quen poda desenvolver o seu peculiar xeito de ser e de expresarse.

Na nosa sociedade, por exemplo, agárdase que as nenas xoguen con bonecas e cociñas, que sexan atentas e educadas, que non berren moito, que usen fermosos vestidos (e que non os emporquen!), que se poñan guapas, que sexan «rosas»... E dos nenos agárdase que xoguen a superheroes, que lles guste o fútbol, que sexan afoutos, que non choren «coma se foran nenas», que sexan «azuis»... Pero, quen decidiu que por ser nena tes que ser unha princesa e se es neno un campión?

Nesta sociedade, a aquilo que ocorre de xeito máis habitual chámase «o normal». E coidado!, porque, sen decatarnos, como por arte de maxia, convertemos «o normal» na «norma». É dicir, «o que adoita ser» no «que debe ser». E castígase a quen «sae» da norma, a quen nun ou outro trazo non é como a maioría... facéndolles sufrir por iso.

### **Cada quen é nena ou neno ao seu xeito**

O que a realidade nos amosa unha e outra vez é que os nenos non son «dun xeito» e as nenas «doutro». E ten que quedar claro que non teñen por que selo. Moitas nenas levan o cabelo longo; e algúns nenos tamén. Tamén hai nenas e nenos que levan o cabelo curto. A moitos nenos gústalles xogar ao fútbol, e tamén hai nenas ás que lles encanta, e nenos aos que non. Hai nenas que usan pantalóns (hai cen anos non as verías pola rúa) e nenos aos que lles encantan os vestidos e os diademas (e que a día de hoxe apenas verás pola rúa).

Cada nena, cada neno, é diferente no seu xeito de selo. Cada nena é nena ao seu xeito, cada neno é neno ao seu xeito.

### **A orientación do desexo erótico**

A algunhas persoas gústanlles, atraénlles, namoran, preferentemente de homes. E a outras gústanlles, atraénlles, namoran, preferentemente de mulleres. A iso chamámoslle orientación do desexo erótico e adoita descubrirse na puberdade. Dicimos «preferentemente» porque todas e todos, en maior ou menor medida, podemos sentir atracción cara a ambos os dous sexos.

Fálase de homosexualidade cando a orientación do desexo de alguén diríxese preferentemente cara a persoas do seu mesmo sexo, e de heterosexualidade cando se dá preferentemente cara a persoas do outro sexo.

Na maioría dos casos as mulleres séntense atraídas preferentemente por homes, e os homes por mulleres. Que así sexa na maioría dos casos non significa que o sexa sempre. De feito, significa xustamente o contrario: que non sempre é así. Aínda que ocorra con menor frecuencia, hai moitísimos homes que

se senten atraídos preferentemente por homes, e moitas mulleres que se senten atraídas preferentemente por mulleres.

### **A confusión entre identidade, expresión e orientación**

É importante non confundir entre a identidade sexual (quen son), a expresión sexuada (os meus gustos, os meus xeitos...) e a orientación do desexo erótico (de quen namoro).

Así, por exemplo, que a un rapaz lle guste pintar as unllas non significa nin que non sexa un rapaz, nin que a súa orientación do desexo vaia ser homosexual; o único que significa é que lle gusta pintar as unllas. Que alguén sexa rapaza non significa que lle teña que gustar levar vestidos e o cabelo longo, ou que teña que sentirse atraída por rapaces. Que a unha rapaza lle guste xogar ao fútbol e gabear polas árbores non significa que sexa «menos rapaza». Que a un rapaz lle gusten os rapaces non significa que sexa «menos rapaz».

É imprescindible ser capaz de diferenciar que unha cousa é quen son, outra como me expreso, e outra de quen namoro.

### **O valor da diversidade sexual**

O sexo é un valor que merece ser coñecido e promovido. E a diversidade é un dos nosos valores máis «prezados». Ante esa apisoadora que pretende conseguir que os nenos sexan dun xeito e as nenas doutro, que pretende facelos «iguais» —a elas por un lado e a eles polo outro— deixemos sitio ao arco da vella das infinitas combinacións de cores, de modos, matices e peculiaridades da diversidade sexual.

Camiñemos cara á «igualdade» de dereitos e de oportunidades, á vez que poñemos en valor e cultivamos a «diversidade». Que cada nena, que cada neno poida ser quen é, que poida ser como é, expresarse como lle gusta, desenvolvendo os seus gustos, os seus intereses e as súas relacións, con toda a gama de trazos masculinos e femininos, estendendo as súas ás en todo o seu esplendor... E así poder voar.

Así poder ser.